

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA O ACONDICIONAMENTO DO XARDÍN DA CASA MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou co Concello de Mondoñedo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Modoñedo para o acondicionamento do xardín da Casa Museo Álvaro Cunqueiro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- A Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

A súa vez o artigo 1 do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dispón que esta é o



departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos camiños de Santiago.

Segundo.- Que o artigo 198 apartados 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei.

Terceiro.- A Casa Museo Álvaro Cunqueiro naceu en Mondoñedo como un espazo longamente esperado e adicado a un dos escritores en galego máis brillantes do século XX e un dos grandes autores en lingua castelá, onde podemos aproximarnos a esta figura literaria e á su obra. A Casa Museo agarda ao visitante ou ao viaxeiro na praza da catedral de Mondoñedo, en pleno centro histórico desta vella cidade episcopal.

A recente posta en funcionamento deste museo adicado a Álvaro Cunqueiro na casa nº 13 da Praza da Catedral fan necesario o acondicionamento do acceso posterior que desde a rúa Lence Santar comunica directamente coa planta primeira da edificación á altura da cociña, de forma que constitúe a entrada ideal para as mercadorías necesarias para o funcionamento do restaurante.

Por outra banda, dende este calexón accédese así mesmo ao xardín posterior da casa museo cuxo acondicionamento se fai necesario por un dobre motivo:

- Por unha banda porque a súa visión desde a parte traseira da edificación aconsella a súa limpeza proporcionándolle un tratamento adecuado á calidade arquitectónica do resto da edificación.
- Doutra banda, o seu acondicionamento permitirá a súa utilización como parte do restaurante, dotándoo dun espazo exterior do que poder gozar cando as condicións climatolóxicas o permitan.

O xardín traseiro é un espazo rodeado de edificacións que foron transformándose ao longo do tempo sen control, o que converteu o contorno nun caos construtivo que constitúe un escenario pouco acorde co resto da edificación que alberga o museo. A elevada altura do edificio do mercado que



conforma o pano frontal ten nestes momentos unha gran presenza no conxunto, sendo un dos principais problemas a afrontar.

Doutra banda as actuacións realizadas na edificación principal puxeron de manifesto a antigüidade da edificación e con iso a posibilidade de atopar restos construtivos doutras épocas durante a fase de escavación, o que obriga a levar un control arqueolóxico dos movementos de terra necesarios para o acondicionamento destes espazos.

Outro dos retos é conseguir a accesibilidade ao xardín. Debido a que nestes momentos o acceso desde a rúa conta cun chanzo duns 30 cms. de alto, conseguir a accesibilidade implica o rebaixar esta altura e modificar a rasante interior deste acceso para conseguir unha pendente adecuada que permita a súa consideración como itinerario accesible.

Cuarto.- A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considera de interese público realizar accións conxuntas para unha maior eficacia na execución das actuacións obxecto deste convenio.

A estes efectos o artigo 198 apartados 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei.

Quinto.- A falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o concello de afrontar en solitario os compromisos económicos que supoñen estas actuacións.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia, manifestada polo concello, e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese



público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Mondoñedo.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, xa que o concello é a única entidade que pode levar a cabo o obxecto deste convenio.

En atención ao exposto, e afín de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusións doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

Manuel Vila López

